

# ¡CLIX!

por An Alfaya

*Ós trasnos e fadas galegos que foron ó II Congreso da OEPLI en Cáceres.*

**A** arredor das oito e media da mañá dun xoves calquera, unha meiga curiosa reparou nun autobús estacionado na Praza Vermella de Santiago de Compostela, fixo as súas pescudas e soubo que ía camiño de Cáceres, cidade que endexamais tivera oportunidade de visitar. Atrevida como tódalas bruxas, mesturouse entre os pasaxeiros, ignorantes de que por mor dun feitizo ían sufrir unha metamorfose.

O motivo da mutación é ben sinxelo de comprender, mais convén explicalo, porque non todo o mundo é experto en meigas curiosas, e se cadra descoñece que cando a unha delas lle proe a curiosidade, abonda con pronunciar unha palabra máxica triscando o dedo polgar co corazón. Deste xeito os humanos mudan en bulideiros trasnos ou en rebuldeiras fadas, provocando que as bruxas adopten un aspecto humano.

En realidade a meiga desta historia non dispoñía de verdadeiros poderes ata que descubriu a palabra máxica na páxina cento cincuenta e nove dun libro titulado *Sortilexios e Feitizos*, que atopou por casualidade nunha librería de vello. Naquel intre chamoulle a atención que no sitio dun «159» arábigo, aparece un «CLIX» romano. Despois de darlle moitas voltas ó maxín, e de le-lo libro sen perde-lo fío, a bruxiña chegou á seguinte conclusión: aquel número non era tal, senón unha palabra máxica, que tiña o increíble efecto de permitir implicarse nas emocións e desexos dos humanos.

—¡CLIX! —estoupou a verba no aire coma un foguete de feira, e grileiros flocos de millo encheron o seu corpo de estrelas.

De xeonllos no asento, cos antebrazos apoiados no repousa-cabezas, coa ollada soñadora e o silencio nos beizos, a meiga realizou a meirande parte da viaxe de costas ó sentido da circulación. O percorrido foi longo, e tempo houbo para que o amencer bicase ó solpor, e para que os piñeiros mudasen en oliveiras. Metida na pel dunha moza escudriñou os acenos dos pasaxeiros, o recendo dos seus corpos, e fixo un encantamento, de tal xeito que os murmurios das súas voces se espaxaron polo autobús ata caeren na súa baleira bolsa de viaxe, que de a pouco se foi enchendo con anaquiños de historias.

Non tardou en quedar engaiolada por un viaxeiro de corpo ergueito e fina man, un trasno que agarimaba o papel co lapis ó compás do troupeleo do autobús. Converteuse na ladroa dun dos seus soños de grandeza, aquel que falaba de como lograra captar un novo matiz na gama da cor verde. E ollou con tenrura como relataba a decepción sufrida ó contemplar como a fermosa cor comezaba a esmorecer, véndose na obriga de levala a un hospital para ser operada de urxencia. A angustia de ter por un intre a gloria apreixada entre as mans, para de seguido perdela, brillaba nas meniñas deste pasaxeiro quixotesco, capaz de percorre-lo mundo subido á cabalgadura da súa moto, debuxando no aire unha carapuchiña vermella, poderosa fronte a un lobo mirrado e raíña dun universo urbano. Ó seu carón, a fada das galletas adozaba a viaxe cos sabores da nenez.

Máis tarde, a meiga deixouse enredar por unha viaxeira que ocultaba os seus ollos perfilados de azul baixo unhas gafas escuras. Apropiouse da súa fala regalada, tan sabia a pesares da súa teima por sinalala perda cotiá da memoria. Semellaba unha fada de biblioteca, tan sabida en libros e personaxes inesqueci-

bles, afectada pola sensibilidade dos seus dedos, delicados ata o punto de non soporta-lo roce dun anel. Tentada estivo a bruxiña a pousar neles os seus beizos, mais un arroubo que só coñecen as meigas impediullo. Para compensala encheulle a alma de bolboretas e converteuna na futura musa dun vate.

Co peito a piques de rebentar, a meiga reparou nun pasaxeiro pequeno de van, longo de enxeño, un trasno tan rosmón como refraneiro, nigromante de barbas abrancazadas con rebabas marelas, mago da palabra, tan tenro ó seu desleixo, cando dixo aquilo de «*chinita* da miña alma», dedicado a unha fada con boquiña de cereixa e cara de moneca de porcelana vestida de vermello. A bruxiña lanzou ó chou un bico que caeu na súa meixela, e o trasno experimentou unha cambra acorada, que lle provocou de xeito espontáneo un singular, ¡manda carallo!

Non puido pasar por alto a meiga a un pasaxeiro novo con pucha bolognesa, que soñaba de contado con vivir nun muíño. Gardou a ilusión deste trasno silencioso na carpeta dos soños con letra e música, e pechou os ollos para regalarlle o son da roda de moe-lo millo, o recendo da primeira fornada de pan, e os gurgullos da auga fresca esvarando por un manancial festeiro.

De seguido pousou a ollada nunha viaxeira que gardaba enigmas dentro da maleta, cada enigma dentro dun zapato. Tivo o atrevemento de pedirlle emprestado un par da súa colección, o máis feituco, para gozar do pracer de sentirse humana por unha noite, e pisar con pés de néboa os cuartos das mulleres loitadoras, e deixar xunto as súas almofadas un libro de presaxios e un vaso de auga para acalma-lo impo.

Atesourou no seu baúl o sorriso dunha fada co corpo de nena e fala de deu-



CRISTINA LOSANTOS.

sa, narradora da fauna da paisaxe. A ela debeulle o descubrimento do voo duns paxaros, para quen trazou un mapa no vento, gardando para sempre no seu vocabulario íntimo o nome inventado de «gacelillos».

E deixouse azucra-lo padal pola man da fada do chocolate, a quen escoitou conta-la historia dun armario que servía de comunicación entre dous cuartos dunha mesma casa. Imaxinou-se entrando nel co corpo de meiga, e saíndo ó outro lado do mundo transformada nunha nena coa cara enzoufada de chocolate.

Trasnos e fadas bulían dentro do autobús. A bruxiña fervía no medio de tanta sensación, e aínda tivo constancia da presenza dunha parella de namorados,

dun trasno amante da novela negra, dunha fada de cabelos ensarillados, moi sabida na poesía do poeta galego que mellor lle senta o sombreiro, de dúas pombiñas de branca pel, dun mozo repoludo, dun home de barba negra coma o túnel do tempo..., e dun trasno tardo, que repenaba a súa barba e axustaba as gafas no seu nariz, mentres dirixía a orquestra cara o previsto destino.

Arredor das oito e media da noite dun xoves calquera, a meiga, xa en terras estremeñas, aínda coñeceu ó trasno do regalicia, un simpático ventrílocuo de xesto refinado e trato afable, descendente de descubridores e eterno moicante polas rúas empedradas.

E naquel percorrido emocional sentiu-

se acompañada pola fada branca-neve, que paseou a súa elegancia baixo un abrigo negro e un aquelado sombreiro, fitando fascinada a límpida luz da lúa cacereña, que iluminaba ás cegoñas nos seus niños.

A meiga curiosa atrapou un milleiro de estrelas e pousonas no papel. Rouboulle anaquiños de azucre ós silencios e ós murmurios, asexou ós pasaxeiros daquela viaxe e converteunos en personaxes dunha historia por contar...

—¡CLIX! —escoitouse de súpeto un estoupido. E os trasnos e as fadas mudaron en humanos, mentres a meiga, saciada a súa curiosidade, retirábase a debuxar un conto, que non é conto, senón verdade.

*A los duendes y hadas gallegos que fueron al II Congreso de la OEPLI en Cáceres.*

## ¡CLIX!

por An Alfaya

Alrededor de las ocho y media de la mañana de un jueves cualquiera, una bruja curiosa reparó en un autobús estacionado en la Plaza Roja de Santiago de Compostela, investigó y supo que iba camino de Cáceres, ciudad que nunca había tenido la oportunidad de visitar. Atrevida como todas las brujas, se mezcló entre los pasajeros, ignorantes de que por causa de un hechizo iban a sufrir una metamorfosis.

El motivo de la mutación es sencillo de comprender, pero conviene explicarlo, porque no todo el mundo es experto en brujas curiosas, y tal vez desconoce que cuando a una de ellas le pica la curiosidad, basta con pronunciar una palabra mágica chasqueando el dedo pulgar con el corazón. De esta forma los humanos mudan en ruidosos duendes o en revoltosas hadas, provocando que las brujas adopten un aspecto humano.

En realidad, la bruja de esta historia no disponía de verdaderos poderes hasta que descubrió la palabra mágica en la página ciento cincuenta y nueve de un libro titulado *Sortilegios y Hechizos*, que encontró por casualidad en una librería de viejo. En aquel momento le llamó la atención que en el lugar de un «159» arábigo, apareciese un «CLIX» romano. Después de reflexionar y de leer el libro sin perder detalle, la bruja llegó a la siguiente conclusión: aquel número no era tal, sino una palabra mágica, que tenía el increíble efecto de permitir implicarse en las emociones y deseos de los humanos.

—¡CLIX! —estalló la palabra en el aire como un cohete de feria, y juguetonas palomitas de maíz llenaron su cuerpo de estrellas.

De rodillas en su asiento, con los antebrazos apoyados en el reposa-cabezas, con la mirada soñadora y el silencio en los labios, la bruja realizó la mayor parte del viaje de espaldas al sentido de la circulación. El recorrido fue largo, y tiempo hubo para que el amanecer besase al crepúsculo, y para que los pi-

nos mudasen en olivares. Metida en la piel de una joven escudriñó los gestos de los pasajeros, el aroma de sus cuerpos, e hizo un encantamiento, de tal manera, que los murmullos de sus voces se extendieron por todo el autobús hasta caer en su vacía bolsa de viaje, que poco a poco se fue llenando con pedacitos de historias.

No tardó en quedar cautivada por un viajero de cuerpo esbelto y fina mano, un duende que acariciaba el papel con el lápiz al compás del traqueteo del autobús. Se convirtió en la ladrona de uno de sus sueños de grandeza, aquel que hablaba de cómo había logrado captar un nuevo matiz en la gama del color verde. Y observó con ternura cómo relataba la decepción sufrida al contemplar cómo el hermoso color comenzaba a mustiarse, viéndose obligado a llevarlo a un hospital para ser operado de urgencia. La angustia de tener por un momento la gloria prisionera entre las manos, para perderla a continuación, brillaba en las pupilas de este pasajero quijotesco, capaz de recorrer el mundo subido a la montura de su moto, dibujando en el aire una caperucita roja, poderosa frente a un lobo escuálido y reina de un universo urbano. A su lado, la hada de las galletas endulzaba el viaje con los sabores de la niñez.

Más tarde, la bruja se dejó embaucar por una viajera que ocultaba sus ojos perfilados de azul bajo unas gafas oscuras. Se apropió de su habla regalada, tan sabia a pesar de su insistencia en señalar la pérdida constante de su memoria. Parecía una hada de biblioteca, experta en libros y personajes inolvidables, aquejada por la sensibilidad de sus dedos, delicados hasta el punto de no soportar el roce de un anillo. Tentada estuvo la bruja de posar en ellos

sus labios, pero una timidez que sólo conocen las brujas se lo impidió. Para compensarla, le llenó el alma de mariposas y la convirtió en la futura musa de un vate.

Con el pecho a punto de reventar, la bruja reparó en un pasajero pequeño de talle, largo de ingenio, un duende tan resabido como refranero, nigromante de barbas entrecanas con rebabas amarillas, mago de la palabra, tan tierno a su desgaire, cuando dijo aquello de «Chinita de mi alma», dedicado a un hada con boquita de cereza y cara de muñeca de porcelana vestida de rojo. La bruja lanzó al azar un beso que cayó en su mejilla, y el duende experimentó un calambre ruborizado, que le provocó de forma espontánea un singular, ¡manda *carallo!*

No pudo pasar por alto la bruja a un pasajero joven con gorra *bolognesa*, que soñaba continuamente con vivir en un molino. Guardó la ilusión de este duende silencioso en la carpeta de los sueños con letra y música, y cerró los ojos para regalarle el sonido de la rueda de moler el maíz, el aroma de la primera hornada de pan, y los murmullos del agua fresca resbalando por un manantial festivo.

Seguidamente posó la mirada en una viajera que guardaba enigmas dentro de la maleta, cada enigma dentro de un zapato. Tuvo el atrevimiento de pedirle prestado un par de su colección, el mejor, para gozar del placer de sentirse humana por una noche, y pisar con pies de niebla los dormitorios de las mujeres luchadoras, y dejar junto a sus almohadas un libro de presagios y un vaso de agua para calmar el hipo.

Atesoró en su baúl la sonrisa de un hada con cuerpo de niña y habla de diosa, narradora de la fauna del paisaje. A ella le debió el descubrimiento del vuelo de

unos pájaros, para los que trazó un mapa en el viento, guardando para siempre en su vocabulario íntimo el nombre inventado de *gacelillos*.

Y se dejó azucarar el paladar por la mano del hada del chocolate, a quien escuchó contar la historia de un armario que servía de comunicación entre dos habitaciones de una misma casa. Se imaginó entrando en su interior con el cuerpo de bruja, y saliendo al otro lado del mundo transformada en una niña con la cara embadurnada de chocolate.

Duendes y hadas bullían dentro del autobús. La bruja hervía en medio de tanta sensación, y aún tuvo constancia de la presencia de una pareja de enamorados, de un duende amante de la novela negra; de un hada de cabellos ensortijados, conocedora de la poesía del poeta gallego que mejor le sienta el sombrero; de dos palomas de blanca piel, de un joven redondito; de un hombre de barba negra como el túnel del tiempo..., y de un duende tardón, que mesaba su barba y ajustaba las gafas en su nariz, mientras dirigía la orquesta cara al previsto destino.

Alrededor de las ocho y media de la noche de un jueves cualquiera, la bruja, ya en tierras extremeñas, aún conoció al duende del regaliz, un simpático ventrílocuo de gesto refinado y trato afable, descendiente de descubridores y eterno vagabundo por las empedradas calles.

Y en aquel recorrido emocional se sintió acompañada por el hada Blanca-nieve, que paseó su elegancia bajo un abrigo negro y un garboso sombrero, mirando fascinada la límpida luz de la luna cacereña, que iluminaba a las cigüeñas en sus nidos.

La bruja curiosa atrapó un millar de estrellas y las posó en el papel. Le robó trocitos de azúcar a los silencios y a los murmullos, vigiló a los pasajeros de aquel viaje y les convirtió en personajes de una historia por contar...

—¡CLIX! —se escuchó de pronto un estruendo. Y los duendes y las hadas mudaron en humanos, mientras la bruja, saciada su curiosidad, se retiraba a dibujar un cuento, que no es cuento, sino verdad.